ORDE DO 4 DE XUÑO DE 2010 SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA).

O Concello de Teo remite o Plan Xeral de Ordenación Municipal para a súa aprobación definitiva, conforme ao artigo 85.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

I. ANTECEDENTES.

1. O concello de Teo conta cunhas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, aprobadas definitivamente o 19/08/1996. Por medio do Decreto 115/2001, do 25 de maio, estas NSP foron parcialmente suspendidas, no ámbito da ordenanza de solo urbano residencial e terciario en edificación aberta (URTA); na zona de servidume e afección de estradas estatais e autonómicas; e na Ordenanza de uso turístico-hoteleiro.
2. De acordo co previsto no artigo 85.1 da LOUG, o 29/07/2005 a Dirección Xeral de Urbanismo emitiu informe previo á aprobación inicial.
3. O Concello Pleno aprobou inicialmente o PXOM en sesión de 7/12/2005, someténdoo a información pública con audiencia aos concellos limítrofes e solicitando informes sectoriais.
4. En cumprimento da lexislación sectorial vixente emitíronse os seguintes informes:
   a) En materia de estradas, a Dirección Xeral de Obras Públicas da CPTOPT, informes de 6/0/2006 (desfavorable) e de 20/12/06 favorable con condicións.

      A Dirección General de Carreteras del Ministerio de Fomento, informe desfavorable do 15/03/2006 e favorable, con condicións, do 14/03/2007.

      O Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña emite informe o 20/02/2006.
   b) En materia de ferrocarrís, ADIF emite informe en data 12/01/2006.
   c) En materia de patrimonio cultural, informe desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 24/01/2006, e favorable do 28/12/2006.
   d) En materia de comunicacións electrónicas, Informes do 7/09/06 e do 22/12/2006 da Subdirección General de Infraestructuras y Normativa Técnica del Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.
   e) Informe da Subdelegación do Goberno na Coruña, de data 12/01/2006.
5. O Pleno do Concello de Teo aprobou provisionalmente o 26/03/2007 o PXOM, trala emisión dos informes da intervención municipal e do servizo técnico, de datas 20/03/2007 e de 22/03/2007, respectivamente.
6. A secretaría municipal emitiu informe en data 25/06/2007.
7. O expediente municipal foi remitido a esta Consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva, observándose unha serie de deficiencias a corrixir, nomeadamente a necesidade de suxeitarse ás estipulacións da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

Este requirimento foi atendido polo concello en data 27/06/2007 agás a acreditación do sometemento do PXOM a avaliación ambiental estratéxica e a constancia da comunicación de audiencia ao Concello de Santiago de Compostela; polo que se interesaron novamente.

8. Por Resolución do 17/09/2007, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible establece os requisitos para declarar a inviabilidade do sometemento do PXOM de Teo aos trámites previstos na Lei 9/2006 de avaliación ambiental estratéxica (DOG nº 215, do 7/11/2007).
9. Por Resolución do 20/10/2008, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible declara a inviabilidade do sometemento do PXOM de Teo aos trámites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006.
10. Consta acreditación da comunicación de audiencia ao Concello de Santiago.
11. A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, mediante Orde de 11/02/2009 acordou, de conformidade co disposto no artigo 85.5.b) da LOUG, non outorgar a aprobación definitiva do PXOM de Teo, debendo introducirse as modificacións necesarias para corrixir as deficiencias que nela e na resolución do 20/10/2008 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible se establecían; e ser aprobado de novo polo Concello.
12. O Concello de Teo acordou a aprobación do novo documento do PXOM o día 16/10/2009, logo dos informes técnico e xurídico de datas 7/10/2009 e 5/10/2009.
13. En data 27/10/2009 o Concello de Teo remite exemplar do Plan Xeral para resolver sobre a súa aprobación definitiva, achegando "Informe para a cumprimentación da Orde de 11 de febreiro de 2009 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Teo", aprobado polo pleno en data 16/10/2009.
14. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, mediante Orde de 27/01/2010 acordou, de conformidade co disposto no artigo 85.5.b) da LOUG, non outorgar a aprobación definitiva do PXOM de Teo, por non terse corrixido a totalidade das deficiencias que se sinalaban na Orde de 11/02/2009.
15. O arquitecto municipal emitiu informe técnico sobre a aprobación provisional do PXOM do Concello de Teo en data 4/03/2010.
16. A Secretaría municipal emitiu informe xurídico o 9/04/2010.
17. O Concello Pleno de Teo aprobou provisionalmente o 20/04/2010 o documento refundido definitivo do PXOM, denominado "Documento de cumprimentación da Orde de 27.01.10 da CMATI"; e en data 05/05/2010 o remite a esta Consellería tres exemplares do Plan Xeral para resolver sobre a súa aprobación definitiva.

II. INFORME.

Visto o texto refundido do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Teo denominado tecnicamente "Documento de cumprimentación da Orde de 27.01.10 da CMATI" identificado con data abril de 2010.

Examinado o seu propio contido, e as modificacións introducidas respecto do que foi obxecto de resolución pola anterior Orde da CMATI de data 27/01/10.

E vista a Proposta literal que nesta mesma data eleva a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Pode considerarse que o novo documento agora remitido cumprimenta as observacións formuladas no corpo da anterior Orde desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 27 de xaneiro pasado.

De conformidade co artigo 89 da LOUG, e artigo 3 do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a Estrutura Orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a competencia para resolver sobre a Aprobación Definitiva dos Plans Xerais de Ordenación Municipal lle corresponde ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

III. RESOLUCIÓN.

En base a todo o anteriormente exposto, RESOLVO,

1º. **OUTORGAR A APROBACIÓN DEFINITIVA AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE TEO** (A Coruña) de acordo co previsto no apartado 5.a) do artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

2º. De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o concello deberá publicar no BOP a Normativa e Ordenanzas do Plan aprobado definitivamente.

3º. Notifíquese esta Orde ao Concello e publíquese no Diario Oficial de Galicia.

Contra esta Orde cabe interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2010

O CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Agustín Hernández Fernández de Rojas